



Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a empresa Coremain, SLU para a implantación dun sistema de formación profesional dual

En Santiago de Compostela, quince de xaneiro de dous mil trece

REUNIDOS

Dunha parte, don Jesús Vázquez Abad, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, en representación da mesma, e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34.1 da Lei do Parlamento de Galicia 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente.

E doutra, don Javier Atán Castro, director financeiro da empresa Coremain, SLU, como representante legal desta, segundo consta no poder outorgado ante a notaría de don Enrique Roller Amat, con data 30 de abril de 2003 e número de protocolo 1835.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e en exercicio das facultades que para convir, en nome das entidades que representan, teñen conferidas,

EXPOÑEN

1º. Que a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, determina no artigo 39 que a formación profesional no sistema educativo ten por finalidade preparar o alumnado para a actividade nun campo profesional e facilitar a súa adaptación ás modificacións laborais que poidan producirse ao longo da súa vida, así como contribuír ao seu desenvolvemento persoal e ao exercicio dunha cidadanía democrática.



2º. Que a Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, especifica nos artigos 6 e 11.3 que a colaboración das empresas no desenvolvemento do Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional se desenvolverá, entre outros ámbitos, mediante a súa participación na formación do alumnado nos centros de traballo, favorecendo a realización de prácticas profesionais dos alumnos e das alumnas nas empresas e noutras entidades, e deberán establecerse os mecanismos axeitados para que a formación que reciba financiamento público poida ofrecerse por centros ou directamente polas empresas, mediante concertos, convenios, subvencións ou outros procedementos.

3º. Que a disposición adicional segunda do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo, determina que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración coas empresas e entidades empresarias e, en particular, coas máis implicadas en sectores clave da economía galega e as relacionadas cos sectores emerxentes. Esta colaboración ten como finalidade, entre outras, a posibilidade de impartir módulos profesionais incluídos en títulos de formación profesional nas instalacións das empresas, co fin de garantir que a formación se realice cos equipamentos máis actuais, así como a actualización profesional. Esta colaboración formalizarase mediante convenio.

4º. Que o Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual, pretende crear as bases para a implantación progresiva da formación profesional dual en España, entendida como o conxunto de accións e iniciativas formativas que teñen por obxecto a cualificación profesional das persoas, combinando os procesos de ensino e aprendizaxe na empresa e no centro de formación, propiciando unha participación máis activa da empresa no propio proceso formativo do alumnado e, daquela, permitir que estas coñezan de xeito máis próximo a formación que reciben, cada vez máis adaptada ás demandas dos sectores produtivos e ás necesidades específicas das empresas. Neste sentido, a empresa e o centro de formación profesional estreitan os seus vínculos, unen esforzos e favorecen unha maior inserción do alumnado no mundo laboral durante o período de formación.

Así mesmo, terá a consideración de formación profesional dual a actividade formativa inherente aos contratos para a formación e a aprendizaxe regulados neste real decreto.



5°. Que a empresa Coremain, SLU está disposta a participar no proxecto de implantación da formación profesional dual en Galicia, acolléndose á modalidade de formación coa participación da empresa, na que esta facilita aos centros de formación os espazos, as instalacións ou as persoas expertas para impartir total ou parcialmente determinados módulos profesionais ou módulos formativos. A relación entre Coremain e o alumnado será mediante contratos para a formación e a aprendizaxe regulados no referido real decreto.

6°. Que o obxecto do presente convenio é establecer as condicións de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a empresa Coremain, SLU para a implantación dun proxecto experimental de formación profesional dual na nosa comunidade autónoma. Esta formación profesional dual combinará os procesos de ensino e aprendizaxe nas instalacións da empresa Coremain, SLU e no CIFP Politécnico de Santiago.

En consecuencia, estes organismos acordan subscribir este convenio, en base ás seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. Este proxecto de formación profesional dual ten carácter experimental e ten as seguintes características:

- a. Toma como referencia os currículos oficiais implantados na comunidade autónoma de Galicia, neste caso concreto o establecido no Decreto 210/2012, do 4 de outubro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en sistemas de telecomunicacións e informáticos.
- b. Terá unha duración desde febreiro de 2013 ata agosto de 2015.
- c. A formación impartirase compartidamente entre o centro educativo e a empresa, que garante a adquisición dos resultados de aprendizaxe establecidos no currículo do ciclo formativo de "sistemas de telecomunicación e informáticos", e a obtención do título de "técnico superior en sistemas de telecomunicación e informáticos".
- d. Ademais, atendendo ás características da empresa, incorpórase formación complementaria á establecida no currículo do ciclo formativo correspondente, para reforzar a formación do alumnado e mellorar a súa empregabilidade.



Segunda. As concrecións deste proxecto experimental de formación profesional dual para o ciclo formativo de sistemas de telecomunicacións e informáticos (distribución da formación curricular do ciclo formativo, distribución global do proxecto, temporalización dos módulos profesionais e adquisición, por parte do alumnado, de cualificacións e unidades de competencia) están recollidas no anexo a este convenio.

Terceira. A empresa Coremain, SLU comprométese a acoller nas súas instalacións a un máximo de quince alumnos para este proxecto experimental de formación profesional dual. Este alumnado deberá cumprir os requisitos de admisión establecidos na orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que autorice este proxecto experimental de formación profesional dual.

A empresa Coremain, SLU realizará a selección do alumnado admitido a partir das solicitudes presentadas polas persoas que cumpran os requisitos de admisión. Para tal fin, a empresa realizará nunha primeira fase as probas de coñecementos e capacitación profesional e, nunha segunda fase, e para quen supere as anteriores probas, as entrevistas psicoprofesionais, para seleccionar as persoas que mellor se axusten ao perfil do posto de traballo que desempeñará o alumnado. Neste proceso de selección para as incorporacións á compañía, a empresa intentará establecer equilibrio ou proporcionalidade entre homes e mulleres, atendendo ao plan de igualdade da empresa.

Cuarta. A empresa Coremain, SLU formalizará con cada alumno ou alumna un contrato de traballo para a formación e a aprendizaxe, segundo se recolle no título II do Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual, no que se determinan os aspectos laborais, os aspectos formativos e as normas de Seguridade Social deste contrato para a formación e a aprendizaxe. Sen prexuízo do establecido na normativa que regula os contratos de formación e a aprendizaxe, o alumnado coa condición de persoa traballadora de Coremain, SLU acollerase ao convenio colectivo da compañía e ás políticas establecidas en materia e normativa laboral, en relación a horarios, vacacións, normas de convivencia, etc., respectando sempre o definido nelas.

A duración mínima do contrato será dun ano e poderá prorrogarse mediante acordo das partes ata por dúas veces, sen que a duración de cada prórroga poida ser inferior a seis meses e sen que a duración total do contrato poida exceder a duración do proxecto. A retribución do alumno ou da alumna fixarase de acordo co estipulado no convenio colectivo e realizarase en proporción ao tempo de traballo efectivo, entendendo por tempo de traballo efectivo a porcentaxe que figura como tal no anexo a este convenio.

Quinta. Consonte o artigo 20 do citado real decreto, sobre as titorías vinculadas ao contrato, a empresa Coremain, SLU nomeará unha persoa como titor ou titora do alumno ou da alumna, que será responsable do seguimento do acordo para a actividade formativa anexo ao contrato, da coordinación da actividade laboral coa actividade formativa e da comunicación co centro de formación. Ademais, deberá elaborar, ao finalizar a actividade laboral da persoa traballadora, un informe sobre o desempeño do posto de traballo.

Así mesmo, o centro formativo designará un profesor ou profesora, ou formador ou formadora, como titor ou titora responsable da programación e do seguimento da formación, así como da coordinación da avaliación co profesorado e/ou os titores e as titoras que interveñen. Así mesmo, esta persoa será a interlocutora coa empresa para o desenvolvemento da actividade formativa e laboral establecida no contrato.

Sexta. Establecerase unha comisión de seguimento, control e supervisión, que se reunirá cando se considere oportuno por calquera das partes asinantes. Esta comisión estará constituída por:

En representación da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria:

- a. A persoa titular da subdirección xeral de formación profesional ou persoa en quen delegue.
- b. A persoa titular da dirección do CIFP Politécnico de Santiago.
- c. O profesor titor ou a profesora titora do centro educativo.

En representación da empresa Coremain, SLU.

- a. D. Alfonso Pazo Fernández ou persoa en quen delegue.
- b. D. Juan Carlos Rodríguez Lemos.
- c. Dna. Paz Cariñena Amigo.

Un funcionario ou unha funcionaria da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria actuará como secretario ou secretaria.



Sétima. O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata a finalización do proxecto.

Oitava. Este convenio extinguirase por finalización do tempo convido e poderase rescindir por calquera das partes, mediante denuncia dalgunha delas, que se lle deberá comunicar á outra cunha antelación mínima de quince días, baseada nalgunha das seguintes causas:

- a. Cesamento das actividades do centro docente ou da empresa.
- b. Forza maior que imposibilite o desenvolvemento das actividades programadas.
- c. Incumprimento das cláusulas establecidas neste convenio.
- d. Mutuo acordo entre o centro docente e a empresa.

Novena. Carácter administrativo do convenio.

Este convenio de colaboración posúe carácter administrativo por razón do contido e das materias sobre as que versa, as cales, ao abeiro do disposto no artigo 4.1 e 2 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público, o exclúen do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite.

Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que xurdisen na súa aplicación e non puidesen ser solucionadas no seo da comisión de seguimento serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

Lido o presente convenio, atópano conforme e asínano no lugar e na data indicados.

**O Conselleiro de Cultura, Educación
e Ordenación Universitaria**

**O Director Financeiro da empresa
Coremain, SLU**


Asdo.: Jesús Vázquez Abad

Asdo.: Javier Atán Castro



1. ANEXO

1.1 Distribución da formación curricular do ciclo formativo



CF: ciclo formativo.

FCT: formación en centros de traballo.

FCCE: formación curricular centro/empresa.

FEM: formación en empresa.

FCE: formación en centro educativo.

FP dual						
			2013	2014	2015	TOTAL
Formación curricular	Centro educativo	Formación en centro educativo (FCE) (66 %)	457	346	247	1.050
	Empresa	Formación en empresa (FEM) (34 %)	234	179	127	540
Total			691	525	374	1.590



1.2 Distribución global do proxecto

2013 Feb-dec	FCE 457 h (30 %)	FEM 234 h (16 %)	T 681 h (45 %)	FCO 142 h (9 %)
2014 Xan-dec	FCE 346 h (18 %)	FEM 179 h (9 %)	T 1.286 h (65 %)	FCO 167 h (8 %)
2015 Xan-ago	FCE 247 h (18 %)	FEM 127 h (10 %)	T 962 h (72 %)	

FCE: formación en centro educativo.

FEM: formación na empresa.

FCO: formación complementaria.

T: traballo.

FP dual							
			2013	2014	2015	Total	
Formación curricular	Centro educativo	Formación en centro educativo (FCE) (30 %) (18 %)	457 h	346 h	247 h	1.050 h	
		Formación en empresa (FEM) (16 %) (9 %) (10 %)	234 h	179 h	127 h	540 h	
Traballo/ formación en empresa (TFE)	Empresa	Traballo/formación complementaria (TFC)	Traballo (45 %) (65 %) (72 %)	681 h	1.286 h	962 h	2929 h
			Formación complementaria (9 %) (8 %) (0 %)	142 h	167 h	0 h	309h
Total			1.514 h	1.978 h	1.336 h	4.828 h	

Formación curricular.

Traballo/formación complementaria.



1.3 Temporalización dos módulos profesionais

1.3.1 Ano 2013

1.3.1.1 Planificación

Curso 2012-2013								Curso 2013-2014				
Xan.	Feb.	Mar.	Abr.	Mai.	Xuñ.	Xull.	Ago.	Set.	Out.	Nov.	Dec.	
		Formación no centro educativo (FCE) (346 h)			Traballo/formación na empresa (TFE) (480 h)				Formación no centro educativo (FCE) (112 h)			
									Traballo/formación na empresa (TFE) (536 h)			
		Traballo/formación na empresa (TFE) (42 h)										

1.3.1.2 Organización dos módulos profesionais

Período febreiro–primeira quincena de setembro

Ano	Código do módulo	Nome do módulo	Horas totais módulo	FCE Horas período	FEM Horas período
1	MP0552	Sistemas informáticos e redes locais.	213	141	72
1	MP0713	Sistemas de telefonía fixa e móbil.	133	88	45
1	MP0601	Xestión de proxectos de instalacións de telecomunicacións.	70	46	24
1	MP0525	Configuración de infraestruturas de sistemas de telecomunicacións.	107	71	36
TOTAL			523	346	177

Período segunda quincena de setembro–decembro

Ano	Código do módulo	Nome do módulo	Horas totais módulo	FCE Horas período	FEM Horas período
1	MP0555	Redes telemáticas.	105	23	12
1	MP0551	Elementos de sistemas de telecomunicacións.	240	53	27
1	MP0553	Técnicas e procesos en infraestruturas de telecomunicacións.	160	35	18
TOTAL			505	111	57



1.3.2 Ano 2014

1.3.2.1 Planificación

Curso 2013-2014								Curso 2014-2015			
Xan.	Feb.	Mar.	Abr.	Mai.	Xuñ.	Xull.	Ago.	Set.	Out.	Nov.	Dec.
Formación no centro educativo (FCE) (222 h)						Formación no centro educativo (FCE) (124 h)					
Traballo/formación na empresa (TFE) (1.088 h)						Traballo/formación na empresa (TFE) (536 h)					

1.3.2.2 Organización dos módulos profesionais

Período xaneiro–primeira quincena de setembro

Ano	Código do módulo	Nome do módulo	Horas totais módulo	FCE Horas período	FEM Horas período
2	MP0555	Redes telemáticas.	105	46	24
2	MP0551	Elementos de sistemas de telecomunicacións.	240	105	55
2	MP0553	Técnicas e procesos en infraestruturas de telecomunicacións.	160	71	36
TOTAL			505	222	115

Período segunda quincena de setembro–decembro

Ano	Código do módulo	Nome do módulo	Horas totais módulo	FCE Horas período	FEM Horas período
2	MP0554	Sistemas de produción audiovisual.	174	38	20
2	MP0556	Sistemas de radiocomunicacións.	105	23	12
2	MP0557	Sistemas integrados e fogar dixital.	123	27	14
2	MP0559	Formación e orientación laboral.	107	24	12
2	MP0560	Empresa e iniciativa emprendedora.	53	12	6
TOTAL			562	124	64



1.3.3 Ano 2015

1.3.3.1 Planificación

Curso 2014-2015											
Xan.	Feb.	Mar.	Abr.	Mai.	Xuñ.	Xull.	Ago.	Set.	Out.	Nov.	Dec.
Formación no centro educativo (FCE) (247 h)											
Traballo/formación na empresa (TFE) (1.088 h)											

1.3.3.2 Organización dos módulos profesionais

Período xaneiro–agosto

Ano	Código do módulo	Nome do módulo	Horas totais módulo	FCE Horas período	FEM Horas período
3	MP0554	Sistemas de produción audiovisual.	174	77	39
3	MP0556	Sistemas de radiocomunicacións.	105	46	24
3	MP0557	Sistemas integrados e fogar dixital.	123	54	28
3	MP0559	Formación e orientación laboral.	107	47	24
3	MP0560	Empresa e iniciativa emprendedora.	53	23	12
TOTAL			562	247	127



1.4 Adquisición, por parte do alumnado, de cualificacións e unidades de competencia

1.4.1 Ano 2013

▪ **Desenvolvemento de proxectos de infraestruturas de telecomunicación e de redes de voz e datos no contorno de edificios, ELE258_3 (Real decreto 1115/2007, do 24 de agosto), que abrangue as seguintes unidades de competencia:**

- UC0826_3: Desenvolver proxectos de instalacións de telecomunicación para a recepción e a distribución de sinais de radio e televisión no contorno de edificios.
- UC0827_3: Desenvolver proxectos de instalacións de telefonía no contorno de edificios.
- UC0828_3: Desenvolver proxectos de infraestruturas de redes de voz e datos no contorno de edificios.

1.4.2 Ano 2014

▪ **Xestión e supervisión da montaxe e o mantemento das infraestruturas de telecomunicación e de redes de voz e datos no contorno de edificios, ELE383_3 (Real decreto 328/2008, do 29 de febreiro), que abrangue as seguintes unidades de competencia:**

- UC1184_3: Organizar e xestionar a montaxe das infraestruturas de telecomunicación e de redes de voz e datos no contorno de edificios.
- UC1185_3: Supervisar a montaxe das infraestruturas de telecomunicación e de redes de voz e datos no contorno de edificios.
- UC1186_3: Organizar e xestionar o mantemento das infraestruturas de telecomunicación e de redes de voz e datos no contorno de edificios.
- UC1187_3: Supervisar o mantemento das infraestruturas de telecomunicación e de redes de voz e datos no contorno de edificios.

1.4.3 Ano 2015

▪ **Xestión e supervisión da montaxe e o mantemento de sistemas de produción audiovisual e de radiodifusión ELE487_3 (Real decreto 144/2011, do 4 de febreiro), que abrangue as seguintes unidades de competencia:**

- UC1578_3: Xestionar e supervisar a montaxe de sistemas de produción audiovisual en estudos e unidades móbiles.
- UC1579_3: Xestionar e supervisar o mantemento de sistemas de produción audiovisual en estudos e unidades móbiles.
- UC1580_3: Xestionar e supervisar a montaxe de sistemas de transmisión para radio e televisión en instalacións fixas e unidades móbiles.
- UC1581_3: Xestionar e supervisar o mantemento de sistemas de transmisión para radio e televisión en instalacións fixas e unidades móbiles.